

MAPA DE TEMPO EN SUPERFICIE: ADVECCIÓN DO OESTE

Unha “advección” é o transporte horizontal das propiedades dunha masa de aire -como temperatura, presión e humidade- efectuado polo vento.

Na Península Ibérica en primavera e outono prodúcese a chegada de borrascas atlánticas do fronte polar que deixa chuvias abundantes no norte (Galicia e franxa cantábrica) e que diminúen conforme avanzan sobre o interior debido ao efecto “Foehn”. En inverno, o anticiclón das Azores está alonxado e só actúa ocasionalmente sobre o sur, de maneira que no interior peninsular predomina un tempo seco e frío, con cielos despexados e soleados, xiadas e neblanas matinais, mentras que a franxa norte segue baixo os efectos da fronte polar. Ocasionalmente pode producirse a entrada de aire ártico que da lugar a un tempo moi frío, con xiadas e precipitacións en forma de neve en zonas elevadas. Tamén pode chegar a influencia do anticiclón continental ruso-siberiano que facilita a entrada de aire polar continental, moi frío e seco.






Pola súa parte a corrente en chorro describe en primavera e outono grandes oscilacións xa que se atopa en pleno desplazamento cara ó sur en outono e cara ó norte en verán. Por elo, nestas estacións o característico do tempo é a súa variabilidade. En inverno a corrente en chorro circula próxima ás nosas latitudes polo que o anticiclón das azores atópase en latitudes baixas e a fronte polar ten unha gran actividade dando lugar a tres tipos de tempo: chuvias xeneralizadas debido a entrada de frentes polo océano atlántico, nevadas abundantes debido á presenza de masas de aire do ártico e ola de frío sen precipitacións debido a presenza na península do anticiclón térmico frío eurosiberiano.

A fronte pola é un conxunto de frentes sucesivas, formando un cinturón que va rodeando o globo terrestre en cada un dos hemisferios. Estas borrascas, que van asociadas en altura coa corrente en chorro, se desplazan de Oeste a Este a grandes distancias e producen precipitacións frontais. A causa da sucesión das ondulacións da fronte polar, as perturbacións non soen presentarse illadas, senón que se suceden unhas a outras agrupadas en familias ou series de borrascas.

A situación do Oeste soe caracterizarse pola localización dunha forte borrasca no Atlántico, depresión que vai lanzar masas de aire polar á península. A borrasca vai acompañar ao fronte frío que barre a península de oeste a este dando lugar a precipitacións cunha alta humidade e temperaturas suaves. É un tipo de tempo moi habitual en outono e inverno xa que a fronte separa o aire polar, relativamente frío, do subtropical, relativamente cálido ao coincidir en altura coa localización do jet-stream que cando se ondula facilita a penetración cara ao sur de masas de aire frío a través das vaguadas e cara ao norte de masas de aire cálido a través das dorsais.

O mapa da dereita nos presenta un típico tempo chuvioso de inverno no que unha profunda borrasca de 976 mb ten o seu centro preto do noroeste da península e asociadas a ela aparecen dúas frentes frías, una no oeste e outra na parte este da península. O fronte cálido atópase ao norte das illas británicas e ao sur da península escandinava. A borrasca é nova pois os frentes cálido e frío están moi separados.

A forza do vento é intensa (proximidade das isobaras) e a súa dirección é do noroeste na vertiente occidental, do oeste na parte central e do suroeste na norte e este peninsular. O paso dos frentes fríos (máis rápido co dos cálidos) produce intensas chuvias.



Neste outro mapa podemos apreciar un típico tempo chuvioso de primavera e outono no que as altas presións permanentes das Azores atópanse no sur, polo que non impiden o paso das borrascas asociadas ó fronte polar. Tampouco neste caso existen altas térmicas que poidan bloquear a entrada dos fronts.

Nesta situación as borrascas penetran polo Atlántico e se desvían cara o noreste, no caso concreto deste mapa a borrasca cruza toda a península afectando dende o val do Guadalquivir (o fronte frío) ata a parte centro oriental (fronte cálido).





A circulación dos ventos é, na súa maior parte da península, do Oeste. As precipitacións xenerais, afectan máis a unhas rexións que a outras segundo a dirección dos ventos e ao efecto das montañas; ao ter os ventos -cargados de humidade- unha orixe do suroeste provocan chuvias nas ladeiras orientadas ao sur nos Sistemas Bético, Central ou Cantábrico. As temperaturas non son moi frías xa que se trata de aire húmedo e suave do Atlántico.

O paso do fronte cálido vai acompañado de chuvias e a temperatura, despois do paso desta fronte, á suave ata a chegada do fronte frío, cando a temperatura baixa, o vento aumenta e os chuvascos poden converterse en granizadas ou augaceiros intensos. Ao finalizar o paso do fronte, a temperatura diminuíu e a atmósfera se volve limpa e transparente.


No mapa da dereita temos un tempo seco de inverno no que as altas presións subtropicais (1037 mb e 1032 mb) atópanse ao sur das Azores alcanzando casi toda a Península Ibérica. As borrascas asociadas ao Fronte Polar pasan moi ao norte (entre os paralelos 40º e 50º) ao ser desviadas polas cuñas anticiclónicas.

A dirección dos ventos é do Oeste e a masa de aire que predomina é a subtropical marítima polo que as temperaturas son suaves. Esta situación en superficie, típica do réxime de ventos do Oeste, correspóndese en altura cunha corrente rápida e onda do Jet Stream pouco marcadas (zonal).

O tempo asociado a esta situación é seco na metade sur da península aínda que se poden producir chuvias na cornisa cantábrica ao chocar os ventos do Atlántico -cargados de humidade- coa Cordilleira Cantábrica.




TEMPO DO OESTE. PASO DE FRONTES



En **altura**, la corriente en chorro circula con trayectoria zonal. En **superficie** da lugar al tiempo del oeste, caracterizado por la sucesión de borrascas atlánticas y frentes. Esta situación es más frecuente en las **estaciones equinocciales** y en el **invierno** y provoca temperaturas suaves y precipitaciones, sobre todo en el oeste peninsular. Estas disminuyen hacia el este, por la anchura peninsular y la protección del relieve. En **verano**, esta situación incide en la fachada cantábrica, descienden las temperaturas y llueve.

TEMPO DO SO OU DO SUR. TEMPORAL NO SUR



En **altura**, la corriente en chorro forma una vaguada en el Atlántico. En **superficie** se traduce en una profunda borrasca, con frentes asociados y canaliza aire Pm, que alcanza la Península con trayectoria marina del SO o sur y, por tanto, húmedo, recalentado por la base y muy inestable. Esta situación se da en **otoño** y en **invierno**, aunque es posible en todo el año. Produce temperaturas más altas de lo habitual y lluvias generalizadas, sobre todo en el SO peninsular, donde puede ocasionar desbordamientos de los ríos atlánticos con consecuencias catastróficas.